



"Temos que reivindicar o dereito a estar continuamente repasando e revisando as nosas ideas"

[Ana G. Liste](#) 16 de abril de 2023

<https://praza.gal/cultura/temos-que-reivindicar-o-dereito-a-estar-continuamente-repasando-e-revisando-as-nosas-ideas>

Quedamos con **Xosé Luís Méndez Ferrín** (Ourense, 1938) para tomar un café no seu barrio, en Vigo, unha mañá de primavera que non quere chover. "Temos que reivindicar o dereito a estar continuamente repasando e revisando as nosas ideas. Pero cando os cambios se producen por razóns de interese económico ou persoal, non de coherencia interior, conducen ao esperpento e ao ridículo, e son inmorais. **A non ser que sexas de cartón pedra, se estás vivindo, as ideas están sometidas a movemento; outra cousa son os cambios interesados e fraudulentos**", asegura na conversa.

Profesor, escritor, político, poeta, ensaísta. A súa figura resulta **fundamental para entender a creación contemporánea en Galicia**, mais tamén noutras latitudes. *Percival e outras historias*, *O crepúsculo e as formigas* e *Arraianos* son parte esencial da narrativa universal. Obras que continúan a ser lidas e interpretadas. Así como a peza de literatura infantil e xuvenil *Arnoia*, *Arnoia*, ou o seu poemario icónico, *Con pólvora e magnolias*. Comentamos cuestións de fondo da política, nacional e internacional, e os vínculos entre política e cultura. Son tempos de homenaxes, o máis recente o da asociación Évame-Oroza, que o nomeou socio de honra.

Cando se é maior, un aínda se enfada?

Si, o que pasa é que aprendes a disimular. Aprendes a arte de que non che fagan tanto dano. Rabias igual, ao mellor incluso con máis racionalidade, pero non te entregas á ira tan intensamente. Pero enfadarte... si.

Enfádase con cousas da política do país?

Do país e do mundo. O que máis me enfadou ultimamente é a cega entrega dos gobernos europeos aos Estados Unidos no seu intento cara á dominación global pola guerra na Ucraína. Ese anti-putinismo enfádame porque é estúpido, non é racional. Unha posición racional para unha persoa de esquerdas sería querer un mundo multilateral que evolucione como queira. A actitude de Biden péreceme suicida e perigosa para todos nós porque está lanzando aos seus

aliados –entre os que se atopa o Estado español– a un perigo moi grande, porque esta guerra é un chiste comparado co que pode ser. Rusia é o país máis grande do mundo, con máis recursos naturais incluso que o Brasil, e China é o país máis poboado do mundo; e son aliados.

Traéndoo máis á terra, como ve á esquerda en Galicia? Estamos ás portas dunha campaña das municipais e a división semella en auxe.

O problema non é que estea dividida, ten que estalo. A esquerda sempre está dividida e debe estalo, e discutir e debater, por iso é superior intelectualmente á dereita. Pero iso debe amañarse con políticas de unidade. Stalin –nome maldito que eu cito con orgullo por ser lector seu antigo e admirador do seu enfrontamento ao fascismo e do seu triunfo sobre o nazismo– lanzou un antídoto que se chama fronte popular. Todos os partidos da esquerda deben actuar unidos, en época de Stalin era así. Non digo como, pero unidos. Por iso funcionou AGE (Alternativa Galega de Esquerdas), e por iso non funciona en parte o Goberno de España actual, que sufriu unha desunión interna cando parte do Goberno se entrega aos Estados Unidos coa guerra da Ucraína e traizoa ao pobo saharauí seguindo os caprichos de Marrocos.

Esa unión que existiu en AGE non a houbo en En Marea?

En realidade en Galicia toda a esquerda estivo desunida no momento no que o Bloque non quixo entrar. Automaticamente estivo viciada e ao estar viciada todo se acentuou.

Agora como o ve?

Mal porque non vexo movementos centrípetos. Vexo esfarelamento, caos. Pero non quero ser pesimista porque creo que a xente reaccionará cara a novas formas de unidade.

Espera que a xente reaccione?

Sobre todo o desexo.

Non é frustrante a desafección política que se quere impoñer nas novas xeracións?

Son estados de ánimo transitorios. E á túa xeración véxoa incendiando París estes días. A pequena burguesía de esquerda tende ao desánimo e á inseguridade sempre, por iso os órganos de dirección obreira tenden a ser máis fortes e duradeiros. E por iso en Francia a verdadeira esquerda ten o seu ámbito principal de resistencia nos sindicatos, que deberan ser a forma inferior da loita de clases, pero ao non existir a forza política correspondente nun momento de crise cobran protagonismo.

Aquí fican poucos sindicatos de clase, que é o que quere o sistema, non?

O sistema busca, ante todo, a perpetuación do poder nas mans da burguesía e adáptase a cada momento. Tanto dá ser nazi, como ser falanxista, como ser hiperdemócrata.

Hiperdemócrata?

Os Estados Unidos, ti viches un país máis democrático que os Estados Unidos? Inventáronse a democracia, antes que os franceses.

Pero a democracia agromou na Ágora grega.

Si, pero era unha democracia que amparaba o escravismo. Era moi bonita, pero estaba construída sobre unha base escravista.

E a muller non estaba.

Estaba como estaba en todas partes. A muller predominou no paleolítico, segundo a hipótese de Morgan e Engels, e creo que é posible. Eu penso que o ser humano coñeceu unha época se non matriarcal, polo menos dunha co-hexemonía da muller e do home na época da caza e recolección, que despois se converteu na primeira división de clase coa división da terra.

Agora interésalle á burguesía que a muller estea aí. Quen lle abriu as portas á muller foi a revolución burguesa. Hai un feminismo reaccionario, que en España representa Paloma O'Shea, a líder do Banco Santander ou de Zara...

Ese feminismo que é, como a hiperdemocracia?

Algo así.

Retomando o fío, cando se fala da esquerda en Galicia sempre se cita o cainismo. Vostede viviu, como é?

O cainismo prodúcese en momentos políticos de desorde, de caos. O de matar ao irmán é unha imaxe poética, unha figura retórica, para definir a desunión entre persoas que pensan igual ou de maneira semellante. Pero aquí a parte fundamental é a tendencia irremediable ao individualismo, que é conxénito da pequena burguesía.

Como o minifundismo pero na política?

Parecido, porque o minifundismo foi bo. Desde o punto de vista socialista loitouse pola colectivización do campo. Pois nós temos que ir cara á colectivización da esquerda, o cal non deixa de ser paradoxal: é a fronte popular unha vez máis. Para min é a formación básica, érao contra o fascismo e o é agora contra o renovado poder da burguesía nesta etapa monopolista.

Pero iso é factible hoxe coa importancia das siglas dos partidos?

É o razoable e o lóxico. Hai un refrán francés que vén do latín que di que a unión fai a forza. O exemplo das formigas é clásico, o traballo en común é fundamental.

Isto non está a pasar agora cara ás municipais. Ten que esnaquizarse todo o espazo para volverse construír?

Terá que ser así, non vexo outra solución. Ou iso, ou desaparecer e abandonar o principio de esperanza, que só un pensador marxista reivindicou, Ernst Bloch. Non é materialista, é verdade, pero sen el non había Revolución Rusa... Máis desunidos que estiveron na Revolución Francesa, non estivo nunca ninguén; pero triunfaron.

Hai que poñer orde no caos, orde asembleario, e a minoría que se someta á maioría, e todos ao comité central. Isto é o leninismo e funcionou. Pero en Galicia hai un grave inconveniente, unha forza, que é o BNG, que se resiste a calquera tipo de unidade e non recoñece nin a existencia doutros nacionalismos que non sexan o seu. É un grave inconveniente que se une a outros.

Non hai unidade sen o BNG?

Non vale, está demostrado.

Sempre dicimos que a cultura é política. Todas estas dinámicas trasládanse ao noso sistema cultural?

Si, pero aí non fan dano. Eses enfrontamentos foron favorecidos por Mao Zedong –pero claro, el era un xenio– no período das cen flores: que cen flores saian, que cen escolas poéticas compitan entre elas. Era un chamamento ao pluralismo, pero claro, o partido controlaba.

E na cultura galega quen controla?

Autorregúlase. Ten un inconveniente terrible que é unha mafia que está no poder cultural, creada por Ramón Piñeiro. Un mecanismo que deixou o grupo de Ramón Piñeiro montado na Transición para que se eternizase, que controla o Consello da Cultura Galega, a Academia, o Seminario de Estudos Galegos... Polo tanto, controla a historia e o relato. Pero despois están as forzas vivas.

Están?

Claro, por algo estamos ti e mais eu aquí.

É difícil moverse no ‘cosmos’ da cultura galega?

Hai que estar dentro para ser recoñecido, para ter premios, para acceder á Academia... Hai que pertencer a ese círculo que dirixen persoas concretas, xeralmente mediocres. Pero isto leva moitos anos ocorrendo, só hai que pensar que no organismo máis importante da cultura galega, que é a Academia, morreron sen ser académicos Celso Emilio Ferreiro, Eduardo Blanco Amor, Luis Seoane e Xosé Díaz Castro. Os mellores escritores dunha época, pero non lles gustaban. Case todos cunha característica: eran de esquerda nacionalista. Un control terrible. A Editorial Galaxia segue a ser a editorial oficial do sistema.

E Francisco Fernández del Riego...

Ata Paco del Riego marchou do sistema ese. De ser o máximo no piñeirismo, culminou a súa vida intelectual e física honrosísimamente saíndose dese sistema. E el explicábao así: ‘É que eu son nacionalista, e Ramón Piñeiro non era nacionalista’.

Pero está a ser reivindicado por ese ‘sistema’.

Hai un relato oficial que colle a Del Riego ata o momento no que me designa a min como o seu sucesor despois de Barreiro, e decide cambiar a Academia. Ese non consta entre os méritos de don Paco.

Ese foi o momento de ruptura?

O momento de ruptura foi cando o grupo piñeirista se presenta ás eleccións autonómicas co PSOE. Aí don Paco dá un paso atrás discretísimo.

A última vez que falamos comentara que era ben distinto escribir que publicar, segue a escribir?

Algo si. Artigos, prólogos... O que penso é que non estou en forma, igual que non estou en forma para montar a cabalo, que é a cousa que máis me gustaba no mundo. Non estou en forma para aventurarme nun poema, aínda que non renuncio a facelo. Eu non renuncio pero tampouco o necesito, así que non o vou forzar.

Escribir foi sempre unha necesidade?

Si, unha vocación, un desexo. Aínda que a miña vocación inicial foi científica. Non fun biólogo, ou naturalista, porque se me daban moi mal as matemáticas e tiña que facer o preparatorio de ciencias, senón teríame dedicado a iso.

Esa inquietude pola natureza aparece na súa obra.

Claro, ás veces se escapa. Está aí encapsulada, pero aparece.

Non pode montar a cabalo, pero segue indo por Vilanova dos Infantes?

Vou algunha vez, si.

Alí semella que non pasara o tempo.

É que non pasa. Vilanova é unha vila moribunda. Eu coñecina xa en decadencia, pero é unha parte moi importante da miña vida e da miña infancia.

Lembra moito a época da infancia?

Procuró non facelo porque me dá moita pena.

Querería regresar?

Si. É unha perda moi grande. Había cousas horrorosas, pero a miña infancia foi *cojonuda*, como a de todos os rapaces, salvo os que tiveron a desgraza de ser maltratados.

Como lle senta que a xente se siga achegando á súa obra e a converta en [teatro](#), [videoxogos](#) ou [películas](#)?

Para iso escribín, para que alguén o lese. É como tirar unha botella ao mar cunha mensaxe, que non sabes onde vai parar, igual rompe ou pérdese.

Cre que o paso pola presidencia da Academia lle prexudicou?

En realidade, mallaron contra min os que mallaran sempre. Os que me expulsaran do consello da mocidade e me marxinaron. Pero non por min, que eu non son tan importante, senón porque lles estorbaba para os seus plans políticos e persoais.

Iso é o cainismo, non?

Pois si, pero non me considero irmán deles. Caín matou a Abel, pero estes non me mataron a min. Intentárono, e ségueno intentando. Por iso marchei da Academia, por hixiene mental, para sobrevivir. Pero aquilo foi implacable.

Pensou en que algún día lle dediquen o Día das Letras?

Levarei unha chea de anos morto, que fagan o que queiran.